

e Xuventude, que deberá resolver nun prazo de 6 meses, contando desde o día en que a solicitude tivese entrada no rexistro deste órgano, e farase pública no DOG. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique resolución expresa, aquela entenderase estimada.

2. A resolución do procedemento para o recoñecemento dunha escola de tempo libre porá fin á vía administrativa e contra ela procederá potestativamente o recurso de reposición ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo.

#### Artigo 69º.-Rexistro.

Adscrito á Dirección Xeral de Xuventude existirá un Rexistro de Escolas de Tempo Libre da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel inscribíranse de oficio aquelas escolas de tempo libre recoñecidas conforme o procedemento anteriormente descrito.

### Capítulo III

Normas sobre o contido dos programas de formación, a avaliación e a expedición de títulos

#### Sección primeira

Programas de formación

Subsección primeira

Cursos de primeiro nivel. Modalidades

Artigo 70º.-Obxecto e funcións no primeiro nivel.

1. Os cursos do primeiro nivel terán por obxecto a formación de persoas capaces de realizar actividades socio-culturais e recreativas, tanto en tempo libre urbano como na natureza.

2. As funcións e tarefas para as que deben capacita-los programas formativos dos cursos de primeiro nivel son:

a) Detecta-las necesidades de intervención no tempo libre dun grupo reducido de persoas, conectándoo co seu medio.

b) Animar, dinamizar e facilita-lo desenvolvemento dun grupo de persoas.

c) Diseñar, dirixir e executar un taller.

d) Localizar recursos para o desenvolvemento das actividades.

e) Participar nun proxecto de animación xeral, responsabilizándose das tarefas específicas que lle son encomendadas.

Artigo 71º.-Curso de monitores de actividades de tempo libre.

1. Para matricularse será necesario estar en posesión, polo menos, dalgún dos seguintes títulos:

a) Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou outro equivalente.

b) Técnico auxiliar en formación profesional ou outro equivalente.

**2. Estes cursos constarán de dúas fases:**

**a) Fase teórico-práctica: terá unha duración mínima de 200 horas lectivas. Esta fase realizarase**

**segundo unha metodoloxía activa, dinámica e participativa.**

**Non poderá desenvolverse en menos de 20 días, nin en xornadas de máis de 10 horas diarias. O 80% delas corresponderán ós contidos fixados no programa mínimo establecido, que se recolle no anexo VII deste decreto, e o 20% restante poderá dedicarse a impartir-las ensinanzas complementarias específicas de cada escola.**

**b) Fase de prácticas: realizarase unha vez rematada a fase anterior. Constará dun mínimo de 14 días de actividade intensiva, que se realizará en campamentos, colonias, albergues, campos de traballo e outros, en bloques non inferiores a 3 días, ou de 150 horas de actividade periódica nunha entidade ou asociación que traballe no eido da educación no tempo libre.**

**As prácticas responderán a un proxecto elaborado polo participante no curso, que será orientado na súa elaboración e desenvolvemento polo titor de prácticas da escola onde realizou o curso designado a tal fin, que deberá formar parte do cadro de profesores da escola. O proxecto conterá os elementos básicos de toda intervención educativa e planificación no tempo libre. Durante o seu desenvolvemento será necesaria a existencia dun responsable de prácticas designado pola entidade receptora onde se vaia realizar, que posúa o título de monitor de actividades de tempo libre ou unha experiencia acreditada en animación socio-cultural.**

**A fase de prácticas desenvolverase nun prazo máximo de 2 anos desde o remate da fase teórico-práctica.**

#### Subsección segunda

Cursos de segundo nivel. Modalidades

Artigo 72º.-Cursos de segundo nivel.

1. Os cursos do segundo nivel teñen por obxecto a formación de persoas capacitadas para a coordinación dun equipo de monitores e especialistas para a organización de actividades de animación socio-cultural e recreativas, xa sexan de tempo libre urbano ou de natureza.

2. As funcións e tarefas para as que se deben capacita-los programas deste segundo nivel serán:

a) Detecta-las necesidades de intervención en grupos con características específicas.

b) Dirixir, executar e avaliar accións de animación.

c) Localizar e xerar recursos para o desenvolvemento da intervención programada.

d) Coordina-lo equipo de monitores ou especialistas que colaboren no programa.

e) Participar nun equipo multidisciplinar que desenvolva unha actividade a grande escala.

Artigo 73º.-Curso de director de actividades de tempo libre.

1. Para poder matricularse neste curso requírese:

a) Estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre.